




O corazón humano, como o do resto dos mamíferos, as aves e os crocodilos, está dividido en catro cámaras e funciona como dúas bombas impulsoras que envían sangue, unha ao circuíto pulmonar e a outra ao circuíto xeral.

1. Completa a seguinte ilustración cos nomes das cavidades do corazón, de dúas das catro válvulas e dos vasos sanguíneos que entran e saen deste órgano.



2. Imaxina que podemos viaxar dentro dunha gota de sangue que sae do pulmón dereito. Representa o percorrido que fariamos desde ese lugar ata regresar ao mesmo sitio. Cantas veces pasaríamos polo corazón?
3. Observa as entradas e saídas do corazón. Cal é o sangue rico en osíxeno: o que circula polas arterias ou o que o fai polas veas? E o sangue pobre en osíxeno?
4. Hai comunicación entre os lados dereito e esquerdo do corazón?
5. Na etapa fetal, o corazón non está “partido”, xa que un orificio comunica as dúas aurículas. Reflexiona e xustifica o motivo polo que isto é así.